

AGASPA 

Asociación Galega de Servizos de Prevención

Difusión **Sociedade da
Información**

**Introdución ás aplicacións
en
código aberto**



MEMORIA - PROXECTO

Proxecto **“Introdución ás aplicación en código aberto”** ao abeiro da *Resolución do 15 de xuño de 2010, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro, para actuacións de difusión relacionadas co desenvolvemento da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e polo Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2010 (procedemento administrativo PR521A). Liña C: Actuacións formativas dirixidas ás Pemes*

I. ENTIDADE SOLICITANTE:

AGASPA (Asociación Galega de Servizos de Prevención Alleos) é unha asociación, sen ánimo de lucro, que agrupa a un conxunto de Pequenas e Medianas empresas galegas cuxa actividade principal está dirixida á promoción e o desenvolvemento de actividades encamiñadas á Prevención de Riscos Laborais dentro do ámbito galego.

Segundo se reflexa no artigo 8 dos seus Estatutos, entre as actividades de AGASPA compre destacar:



Pola banda dos Obxectivos da Asociación Galega de Servizos de Prevención Alleos, compre mencionar os seguintes:

1. Agrupar as entidades que acrediten:
 - Actuar como Servizo de Prevención Alleo

- Auditar os sistemas de prevención das empresas
 - Desenvolver e certificar actividades formativas en materia de prevención de riscos laborais
2. Representar, promover e defender os seus intereses colectivos, tanto ante o sector público como ante o privado.
 3. Promover e defendela imaxe dos seus asociados, así como a implantación e mellora dos estándares preventivos en beneficio do cliente e da sociedade en xeral.
 4. Ofrecer aos clientes e, en xeral, a terceiras persoas, as garantías morais e técnicas inherentes a súa condición de membro da Asociación, de acordo co Código Deontolóxico da mesma.
 5. Manter unha estreita relación coas correspondentes Administracións Públicas, Colexios Profesionais, Asociacións, Axentes Sociais e Organismos nacionais e internacionais para contribuír ao fomento dunha auténtica cultura preventiva.
 6. Cooperar coas Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais e calquera outra entidade do ámbito da Prevención para acadalos maiores logros de eficiencia na actuación preventiva.
 7. Promover e impulsala investigación en materia de saúde e seguridade no traballo.
 8. Promover e defendela calificación profesional dos técnicos e especialistas que actúen no ámbito da Prevención de Riscos Laborais.
 9. Contribuír á aplicación da Lei de Prevención de Riscos Laborais e o seu desenvolvemento regulamentario promovendo, a través das canles legais e de participación, as reformas lexislativas e normativas, económicas e de todo orden tendentes ao bo desenvolvemento das actividades preventivas e afíns.
 10. Potenciar e difundir publicamente as características e excelencias das empresas asociadas ante tódalas instancias estatais e internacionais.
 11. Desenvolver Grupos de Traballo, seminarios e todas aquelas iniciativas que axuden a melloral a posición das entidades de Prevención na sociedade.

II. PROXECTO:

“INTRODUCCIÓN ÁS APLICACIONES EN CÓDIGO ABERTO”

Este proxecto da continuidade ao presentado, aprobado e realizado pola nosa entidade na convocatoria de Axudas do ano pasado.

Nesta ocasión, o cada vez maior uso do software libre por particulares e empresas, motivou que dende AGASPA quixeramos formar dun xeito práctico aos profesionais que traballan nas empresas a nós asociadas nos programas e aplicacións informáticas baseados no código aberto, facéndolles ver as vantaxes do software libre fronte ao software propietario, en termos de adaptabilidade ás necesidades particulares dos usuarios, oa que se pode condensar en dúas liñas:

o software libre refírese á liberdade dos usuarios para executar, copiar, distribuír, estudar, cambiar e mellorar o software

II.1. Interese:

A consolidación da sociedade do coñecemento ten modificado profundamente as relacións entre as empresas e as empresas e as persoas, máis se cabe nun sector como o noso.

As empresas usan a WWW para relacionarse con clientes e provedores, utilizan tamén ferramentas de xestión do coñecemento para ser máis eficientes, os usuarios empregan as ferramentas para mellorar as súas relacións persoais e mercar.

Neste contexto de comunicación bidireccional, a presenza dos programas en código aberto facilita a iteración entre empresas e clientes ao “democratizar” as aplicacións utilizadas.

II.2. Oportunidade:

Para facer ver a oportunidade da actuación proposta, queremos amosar un exemplo sinxelo das utilidades das aplicacións nas que queremos formar aos traballadores das empresas asociadas a nosa entidade: se nos traballamos co Office 97 e os nosos clientes co Office 93, non poderán ler os nosos documentos, tendo que pagar para instalar a versión actualizada; pola contra, se nos traballamos co Open Office e, os nosos clientes non poder ler os nosos arquivos por non telo instalado, poderán ler os nosos documentos descargando o programa de xeito gratuíto.

O exposto da idea da oportunidade, en termos de calidade na prestación do servizo, da que estamos a falar.

II.3. Obxectivos:

- Iniciar unha aproximación as aplicacións baseadas no código aberto
- Comprender os conceptos importantes relacionados co software libre.
- Utilizar as aplicacións de software libre.
- Identificar as aplicacións de software libre.
- Aceptar o software libre como unha alternativa de software.
- Comprender en qué procesos utilizar software libre.
- Utilizar programas alternativos de software libre.
- Aprender a instalar aplicacións coñecidas.
- Comprender en qué procesos utilizar software libre.

II.4. Programación Formativa:

Entendidas como un itinerario formativo que se complementa entre si, as actuacións formativas proporcionan aos alumnos seleccionados (120) uns coñecementos mínimos acreditables, que lles axuden no manexo dos programas baseados no código aberto e que entran dentro das novas tecnoloxías.

Mediante a modalidade formativa "a distancia", os participantes reciben para o estudo e a consulta un Manual con contidos teóricos e un CD interactivo (eminentemente práctico), con posible conexión a Internet, recurso tecnolóxico que posibilita a realización das prácticas dun xeito que se aproxima moito a realidade. Asemade, contará cunha Guía Didáctica, Block de notas e Proba de avaliación.

Durante as accións formativas, o alumnado conta cun Titor, quen exerce o papel de dinamizador do grupo de alumnos/as. A posibilidade de lle consultar vía teléfono ou e-mail axuda a consolidalos coñecementos adquiridos e a resolveras dúbidas que poidan xurdir.

A Metodoloxía a empregar é eminentemente aberta, flexible e dinámica; aberta porque posibilita o acceso directo aos contidos elaborados expresamente para o curso, flexible porque os participantes determinan os seus propios ritmos de aprendizaxe, atendendo na medida do posible as indicacións feitas polos titores; e finalmente dinámica porque o CD interactivo permitirá a participación activa e proactiva do alumnado. A metodoloxía dos cursos está centrada na actividade dos participantes, acentuándose o papel autónomo do usuario.

Para a organización e impartición da formación contase coa colaboración da empresa Simplemente Avanza empresa prestadora de servizos formativos (formación continua), que conta coa infraestrutura axeitada para desenvolveda actuación programada.

Simplemente Avanza leva dende 2006 preocupándose pola formación continua e complementaria como reforzo aos estudos que se adquiren, así como á mellora laboral para unha maior adquisición de competencias no desenvolvemento do traballo e na súa mellora, tendo gran experiencia na impartición de cursos de Formación a través dos Contratos programas e accións formativas complementarias.

Simplemente Avanza é socia de Adalid inmark, entidade de ámbito nacional con máis de 20 anos de experiencia no terreo formativo.

Comentar, por último, que os seus docentes e titores conforman un cadro de profesionais con moitos anos de experiencia e moitos cursos impartidos. Todos eles teñen formación especializada e experiencia acreditada.

II.5. Accións Formativas:

Procesador de texto baixo Linux (openoffice escritor): 40 horas

Nº ALUMNOS: 30

TITOR: Diego Rosales Galiñanes

CONTIDOS:

1. Operacións básicas
2. A barra de ferramentas
3. A axuda do escritor
4. Funcións básicas de traballo
5. Formato de texto

Presentacións baixo Linux (openoffice impresor). Duración: 40 horas

Nº ALUMNOS: 30

TITOR: Diego Rosales Galiñanes

CONTIDOS:

1. Introducción a openoffice.org impress:
2. Traballar con páxinas
3. Creación de presentacións
4. Xestión de obxetos
5. Traballar con texto
6. Imáxes en diapositivas
7. A axuda de impresión
8. Introducción a dibuxos de openoffice.org
9. Operacións básicas con dibuxos
10. Dibuxar e editar formas básicas
11. Contorno e recheo de obxetos
12. Manipulación de obxetos
13. Dibuxar coas ferramentas lineais
14. Visualización, configuración e impresión dun documento

GRÁFICOS BAIXO LINUX (openoffice debuxo. Duración: 40 horas

Nº ALUMNOS: 30

TITOR: Diego Rosales Galiñanes

Obxectivos:

Desenvolver as habilidades necesarias para a creación de gráficos de maneira que resolvan os problemas complexos que lle xurdan, ademais de coñecer ferramentas avanzadas que supoñan un aforro de tempo no traballo diario.

Contidos:

- INTRODUCCIÓN A DEBUXOS DE OPENOFFICE.ORG
- OPERACIÓNS BÁSICAS CON DEBUXOS
- DEBUXAR FORMAS BÁSICAS. A BARRA DE FERRAMENTAS
- CONTORNO E RECHEO DE OBXECTOS

- MANIPULACIÓN DE OBXECTOS
- DEBUXAR COAS FERRAMENTAS LINEAIS
- VISUALIZACIÓN, CONFIGURACIÓN E IMPRESIÓN DUN DOCUMENTO
- TRABALLAR CON TEXTO
- A AXUDA DE OPENOFFICE. ORG

Follas de cálculo baixo Linux: do 20 de outubro ao 4 de novembro. Duración: 40 horas

Nº ALUMNOS: 30

TITOR: Diego Rosales Galiñanes

CONTIDOS:

1. Xestión de follas
2. Comandos básicos de edición
3. Visualización dos documentos
4. A axuda de cálculo
5. Formato de texto
6. Formatos da folla de cálculo

II.6. Resultados previstos:

Unha vez finalizada a actuación formativa proposta, os alumnos/as participantes estarán en disposición de poder empregar nos seus traballos e actividades de ocio, os coñecementos adquiridos, toda vez coñeceran as licenzas máis comúns en software libre, cómo elixir a máis axeitada para cada proxecto, cómo traballar en colaboración con outros usuarios nun proxecto, cómo manexar as diferentes ferramentas sociais: blogs, wikis, etc..

Todos os cursos teñen as súas correspondentes enquisas de avaliación de satisfacción e de avaliación da calidade da formación, na idea de controlar e verificar os procedementos propios da ensinanza-aprendizaxe.